

CONCELLO DE XOVE

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 8 DE XULLO DE 2016.

Asistentes:

Alcalde-Presidente:

José Demetrio Salgueiro Rapa

Vocais:

D^a M^a Dolores Meitin Guerreiro

D^a Cristina Iglesias Guerreiro

Secretario Acctal :

D. Pablo Sánchez Lage

Interventora:

D^a Elena Santos Rey

Ausente:

Na Casa Consistorial do Concello de Xove, sendo as once horas do día oito de xullo de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José Demetrio Salgueiro Rapa e coa asistencia dos Sres. concelleiros á marxe relacionados, do Secretario Acctal. D. Pablo Sánchez Lage, procedeuse a celebrar a sesión extraordinaria correspondente a este día, previa convocatoria ó efecto e en primeira convocatoria.

Sendo a hora sinalada, polo Sr. Alcalde declarouse aberta a sesión.

A) APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR.

De seguido, polo Sr. Alcalde, pregúntase ós asistentes si teñen algunha observación que formular á acta da sesión anterior de 10 de xuño de 2016. Non formulándose ningunha reclamación, queda aprobada por unanimidade a acta da sesión anterior.

B) LICENCIAS DE OBRA E APERTURA

B.1) SOLICITUDE DE DONA MARIA DOLORES MIGUEZ BALSEIRO, RELATIVO A REHABILITACION DE CUBERTA EN VILACHA N°36.-PORTOCELO.

Vista solicitude formulada por D. María Dolores Míguez Balseiro con D.N.I nº: 76.557.055-Z con domicilio en Vilachá N°36.-(27877 Portocelo .-Xove) para realización de obras de Rehabilitación de Cuberta en Vilacha N°36.-Portocelo

- *Ref.Catastral: 27025A057007660000JO -27025A057007660001KP.- Plg. 57, Parcela 766.- Expediente:1826/16*

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que:

- *De acordo coa documentación que se achega, asinada polo solicitante, e con proxecto técnico redactado polo arquitecto técnico, Don Tomás Rodríguez Rapa colexiado nº 376, as obras que se pretenden, sitúanse dentro da área delimitada como Solo de Núcleo Rural Area Tradicional, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicado no B.O.P do 14 de Xullo de 2012. Núcleo Rural de Vilachá Portocelo.*
- *Na memoria do proxecto presentado, no seu apartado 1.2.3 correspondente a memoria urbanística, así como no plano de situación, xustifícase o cumprimento da Normativa do P.X.O.M e da LOUGA para a edificación na que se pretende arranxar a súa cuberta.*

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *As obras que se pretenden, polo súa condición de obras de remodelación, non supoñerán aumento de volume nin afectarán a elementos estruturais da edificación principal agás os elementos sustentastes da cuberta deste porche.*
- *Respetarase ó primitivo deseño e tipoloxía da edificación principal e o seu ámbito, adaptándose na súa totalidade estas obras de reparación ao previsto no Artigo 24 da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia.*

- **A cuberta deberá ser de pizarra.**
- *Durante a execución dos traballos, tomáranse por parte da contrata, as pertinentes medidas de seguridade tanto da execución das obras, como vial, debendo a empresa construtora dispoñer do obrigado seguro de responsabilidade civil.*
- *Previo ao inicio das obras solicitarase a presenza dos servizos técnicos municipais, co obxecto de comprobar o estado do reformulo actual da edificación así como o seu estado orixinario , e poder constatar o seu estado definitivo unha vez finalizados os traballos para os que se solicita a licenza de reparación, así como a súa adaptación á Lei 2/2016 do 10 de febreiro do solo de Galicia.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 6.774,23€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 135,48€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.2) SOLICITUDE DE SAN BARTOLOME MARTINEZ ROUCO S.L. RELATIVO A REDISTRIBUCION INTERIOR DE PLANTA 1ª EN TANATORIO SITO EN AVDA. DIPUTACIÓN Nº 43.-XOVE.

Vista solicitude formulada por San Bartolome Martinez Rouco S.L.- con CIF nº: B-27.242.189 con domicilio en Avda. Diputación nº 43.-.(27870 Xove), para realización de obras de redistribución interior de planta 1ª en Tanatorio sito en Avda. Diputación nº 43.-Xove.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal no que sinala que :

- **REF. CATASTRAL:0380013PJ2308S0001WF .- Expediente:1907/16**

1º.-*A edificación que se pretende executar, de acordo coa documentación presentada, subscrita polo arquitecto técnico Don Tomás Rodríguez Rapa, sitúase dentro da área delimitada como Solo Urban Ordenanza O-2 Residencial entre medianeras, de acordo coa vixente normativa urbanística do Concello de Xove, P.X.O.M aprobado definitivamente 12-06-2012, e publicada no B.O.P do 14 de julio de 2012.*

2º. -*No proxecto, xustifícase, no seu apartado da Memoria urbanística, o cumprimento da Normativa municipal, os datos comparados, así como no plano de localización, a adaptación do inmovible que se pretende realizar, á vixente Normativa urbanística.*

3º. -*No proxecto achegado, no seu apartado da memoria, xustifícase o cumprimento do Código técnico da edificación en desenvolvemento do preceptuado na lei de Ordenación da edificación no referente a:*

- *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade en caso de incendio (DB-SI)*
- *Cumprimento e xustificación do DB de seguridade de utilización e accesibilidade. (DB-SUA).*
- *Cumprimento del DB-SE. Seguridad estructural.*
- *Cumprimento do DB-HS.Salubridad.*
- *Cumprimento e xustificación do DB de enerxía. (DB-HE).*
- *Cumprimento e xustificación do HR Protección frente al ruído.*

4º. -En proxecto xustifícase a evacuación de augas residuais a rede xeral do saneamento municipal, así como o abastecemento de auga potable, igualmente da rede municipal, polo que previo á concesión da licenza de primeira utilización, deberase garantir ter resoltos os servizos básicos da edificación.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada para a execución das mesmas, impóñense as condicións seguintes:

- *Antes do inicio das obras, por parte dos servizos técnicos municipais, deberase levantar a correspondente acta de reformulo, tanto no que ás aliñacións municipais e refire como a normativa correspondente.*
- *Tomaranse as pertinentes medidas de seguridade, tanto para a propia obra coma para o ámbito peonil e motorizado desta.*
- *Unha vez finalizadas as obras e en condicións de ser utilizada a edificación, así como cumpridos os parámetros establecidos na licenza, a retirada dos elementos auxiliares, así como a reposición das zonas de dominio público en perfecto estado, polas deterioracións que se puidesen ocasionar durante a realización dos traballos.*

2º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva tralo pagamento do imposto correspondente, tendo que efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

3º) Valórase o presuposto da obra en 4.110,00€salvo presentación de relación valorada e asinada por técnico competente, importando a liquidación tributaria 82,20€

4º) Fixase un prazo para inicio das obras de 6 meses e 3 anos para a súa finalización.

5º) No non expresamente sinalado no acordo de concesión sométese a presente autorización por imperativo legal, ao disposto na Lei 9/2002 de 30 de decembro e Protección do Medio Rural de Galicia (DOG nº 252 de 31 de decembro de 2002) e do Decreto 28/1999 de 21 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento de Disciplina Urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do Solo de Galicia (DOG nº 32 de 17 de febreiro de 1999), así como á normativa sectorial de aplicación e á de Seguridade e Hixiene legalmente esixible.

B.3) SOLICITUDE DE D. JOSE MANUEL LOPEZ VILAR PARA LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN PORTOCELO, 54.

Vista solicitude formulada por D. José Manuel López Vilar con D.N.I. nº 33.851.592P con domicilio en Portocelo, 54 (27877 Portocelo) na que pide a expedición de certificación de licenza de Primeira Ocupación, para vivenda sita en Portocelo, 54 (Portocelo). Expediente: 1933/16

- *Ref.Catastral:27025A003006290001KQ - 27025A003006290000JM- Polígono 3.Parcela 629*

Visto informe do Arquitecto Técnico Municipal, no que sinala en relación ás obras a cal licenza de 1ª utilización se solicita o seguinte:

- ***Obra prevista en proxecto:*** *construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Portocelo.- Xove.- Vivenda unifamiliar composta de dúas plantas para unha vivenda.*
- ***Obra executada:*** *Vivenda unifamiliar composta de semisótano e unha planta baixa e baixocuberta para vivenda, con modificación dalgúns dos materias compatibles coas condicións da licenza outorgada. Obra totalmente executada e en condicións de habitabilidade e uso.*
- ***Informa:*** *Que a execución material das obras salientadas atópanse realizadas, de acordo ás prescricións técnicas pertinentes e cumpren coas condicións mínimas de habitabilidade de acordo co Decreto 311/1992 do 12 de novembro da Consellería de Ordenación do Territorio e Obras Públicas, e de acordo co Decreto 29/2010 de 4 de marzo da Xunta de Galicia. O*

volume e superficie da obra executada, de acordo co inspección efectuada e a documentación presentada, ampliouse nun semisoto, o cal é perfectamente admisible coa vixente Normativa urbanística do P.X.O.M, polo que se pode legalizar dita ampliación, practicándose as taxas e imposto,(ICIO), correspondente.

- Vivenda totalmente executada, rematada interiormente, e acabada exteriormente, podéndose outorgar a correspondente Licenza de Primeira Utilización.

Presuposto inicial do proxecto: 79.080,24€

presuposto ampliación semisoto: 12.941,50€

Presuposto proxecto de execucion-liquidacion final: 92.021,74€

Valoración Licenza Legalización Semisoto: 2% s/12.941,50€..... 258,83€

Valoración licenza Primeira Utilización 0,5% s/92.021,74€.....460,11€

Liquidación Total..... 718,94€

Observacións: Deberase solicitar entroncamento municipal de auga.

Visto o disposto na Ordenanza Reguladora, pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión de licenza de primeira ocupación, de vivenda sita en Portocelo, 54 (27877 Xove) que se realizou baixo a dirección facultativa e de acordo co proxecto para o que foi concedido licenza, toda vez que xa foi informado favorablemente polo Arquitecto Técnico Director das obras a que se fixo referencia, e conforme á certificación achegada.

2º) A aprobación da liquidación practicada según a fixación efectuada polo Arquitecto Técnico Municipal.

3º) A expedición de licenza de Primeira ocupación, efectuándose a valoración das taxas según importe de proxecto e ascendendo estas a **718,94€**

4º) A presente licenza outórgase coa salvedade do dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e doutras autorizacións que poidan corresponder, e só será efectiva previo pago da taxa correspondente, debendo efectuar o ingreso nas entidades bancarias sinaladas na liquidación.

C) CONTAS E FACTURAS

C.1) INDEMNIZACIÓNS POR RAZÓN DE SERVIZO DA ALCALDÍA CORRESPONDENTES ÓS MESES DE ABRIL-MAIO-XUÑO DE 2016.

Por tres votos a favor e coa abstención do interesado, procédese á aprobación das indemnizacións por razón de servizo da Alcaldía, correspondentes ós meses de abril-maio-xuño de 2016 por importe de 988,13 €

D) OUTROS ASUNTOS DE GOBERNO MUNICIPAL

D.1) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2015, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Dolores Hermida Pernas Avda. Arcadio Pardiñas, 77 bj. (27780 Burela)	Ana López López Veiga, 1 (27879 Rigueira)	Xaneiro-Dec 2015	1.152,61 €
	Yolanda Dominguez Cociña Aldea de Abaixo, 14 27876 Morás		

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.2) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2015, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Raquel González Pereira <i>C/ Fernández Victorio, 8 B (27850 Viveiro)</i>	Eva Louzao Balsa <i>Cruceiro, 28 (27877 Xuances)</i>	Maio-dec 2015	1.481,62 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.3) PLAN DE EMPREGO MUNICIPAL.- LIBRAMENTO DE AXUDA CONCEDIDA.

Vistos o expedientes incoado ó efecto, e a documentación achegada polo solicitante, referida ó exercicio de 2015, por unanimidade en votación ordinaria, acórdase:

1º) O libramento da axuda concedida segundo as bases establecidas ó efecto para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente, a teor da xustificación documental que se xunta:

Nome do perceptor	Contratación subvencionada	Períodos	Contía
Muebles Caloto S.L. <i>Ctra. Ourense, 7 27360 Pobo de San Xiao- Láncara</i>	Vicente Vives Ballester <i>C/ Tomás Mariño Pardo, 1 2º K (27870 Xove)</i>	Xan-mar e abr-dec 2015	1.350,00 €

2º) Facultar á Alcaldía-Presidencia para a realización de cantos actos, trámites ou xestións sexan procedentes para o bo fin de dos acordos adoptados.

D.4) EXPEDIENTE INICIADO NO PLAN DE EMPREGO PARA O ANO 2016 DE PESCADOS BLAS PARADELA S.L.U. PARA ALEJANDRO CORA REY.

A proposta da Alcaldía, e á vista da solicitude formulada polo traballador e polo empresario, respectivamente, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A adxudicación da axuda ó abeiro do Plan de Emprego para o ano 2016, e de conformidade coas bases que o regulan para o empresario e co traballador que se relaciona seguidamente:

Empresa	Traballador
Pescados Blas Paradela S.L.U. <i>Muelle Pesquero Almacén 26 (27863 Celeiro-Viveiro)</i>	Alejandro Cora Rey <i>San Vicente, 14 (27879 Rigueira)</i>

A subvención que se concede rexese polas vixentes Bases aprobadas por este Concello.

6º) A notificación ó empresario e ó traballador, os efectos oportunos.

D.5) AXUDA DE GANDERÍA A D. JOSE ANTONIO FRA MIGUEZ.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. José Antonio Fra Míguez con D.N.I. nº 33.839.796-B , con domicilio en Ponte do Carro, 2 (27879 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.6) AXUDA DE GANDERÍA A SUSO E PALMA, S.C.

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. Suso e Palma, S.C. con D.N.I. nº J27362821, con domicilio en Ferrol, 1 (27878 Rigueira) por morte de un xato ó nacer, por importe de 120,00 €

D.7) SOLICITUDE DA ASOCIACIÓN DE MULLERES BOLBORETAS DE SUBVENCIÓN PARA ACTIVIDADES DE MANUALIDADES, BISUTERÍA CON ARCILLA E PATCHWORK.

Visto a solicitude de Asociación de Mulleres Bolboretas, con CIF:G27119064 e domicilio a efectos de notificación en Colexio de Palmeiro- (27879 Rigueira).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2016 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000,00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 231.489

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000,00 € para actividades de formación en manualidades, bisutería con arcilla e patchwork.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400,00 € correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.
- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 € non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.8) APROBACIÓN DE LIBRAMENTO DE SUBVENCIÓN AO CENTRO SOCIAL DE LAGO DE CONFORMIDADE CO CONCURSO DE EXPLOTACIÓN DO SERVIZO DE CAFÉ-BAR.

Vista solicitude formulada por D^a. Eva Gloria García Pereira con D.N.I. nº 33998242- X, con domicilio en C/ Camiño Apeadero, 35 – 2ªA (27870 Xove) na que manifesta que transcorridos seis meses de exercicio da actividade, dende os períodos de 17/12/2015 a 16/06/2016, iniciada a partir del 01-02-2008, produciuse unha perda ou déficit no mesmo segundo xustifica, polo que de conformidade coas bases da contratación da explotación do servizo de café-bar no Centro Social epigrafiado, solicita o libramento da subvención prevista ó efecto.

Pola Xunta de Goberno Local, previa deliberación, de conformidade co acordo de 27 de decembro de 2007, a tenor do cal se establece a subvención máxima anual a percibir por importe

de 2.400,00€ e visto que transcorreron seis meses da actividade, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A aprobación do libramento do importe de 1.200,00€ correspondentes ó 50% do importe máximo da subvención prevista para o presente exercicio a tenor da falta de rentabilidade e explotación do centro antedito e polo carácter social das actividades que se desempeñan no local municipal referido.

2º) Procederase no seu caso, trala nova xustificación documental do desequilibrio económico na concesión referida transcorrido outro período de seis meses ó libramento da porcentaxe pendente de subvención

D.9) AXUDA DE GANDERÍA A DAVID ANSELMO COCIÑA MEITIN .

Visto o expediente incoado ó efecto e os informes existentes no mesmo; pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase a concesión da axuda según as bases establecidas ó efecto, para o beneficiario e pola contía que se relaciona seguidamente:

- A D. David Anselmo Cociña Meitin con D.N.I. nº 77.5914.179-E, con domicilio en Camiño Real, 25 (27870 Xove) por morte de unha vaca de 13 anos por importe de 200,00 €

D.10) SOLICITUDE DE CMVMC LAXAMOURA DE SUBVENCIÓN PARA FEIRA DE SAN BARTOLO 2016

Visto a solicitude da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de “Laxamoura”, con CIF: V27106988 e domicilio a efectos de notificación en Avda. Diputación, 12 3º C (27870 Xove).

Visto que na Base 31 das de Execución do Orzamento municipal para o exercicio 2016 se prevé unha subvención de carácter nominativo ou directo para a devandita asociación/clube por importe de 2.000,00 €

Visto que a documentación presentada cumpre con todos os requisitos establecidos na Base 32.

Visto o conforme da Interventora municipal acreditando a existencia de crédito na partida 412.489.

Pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acórdase:

1º) A concesión da subvención económica nominativa por importe de 2.000,00 € para a Feira de San Bartolo 2016.

2º) De acordo coa Base 33 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o libramento en concepto de anticipo da cantidade de 1.400,00 € correspondente ó 70% da subvención concedida.

No caso de que o beneficiario non xustifique de xeito debido a subvención concedida, deberá proceder ao reintegro do anticipo abonado, que se considerará ingreso de dereito público, podendo esixirse de ser necesario pola vía de constrinximento, con independencia das responsabilidades a que houbera lugar.

3º) Establecer como obrigas do beneficiario da axuda todas as relacionadas no artigo 7 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Xove.

4º) Establecer, consonte ao disposto na Base 35 das de Execución do Orzamento Municipal para 2016, o seguinte réxime de xustificación da subvención:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Unha relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- Facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa (nóminas, TCs, cartas de pagamento oficiais, etc.). As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no R.D. 1496/2003, ademais de estar datadas no período subvencionable.

- Deberá aportarse o orixinal que será obxecto de unha estampilla. O estampillado consistirá nunha impresión sobre o documento orixinal da expresión “documento xustificativo da subvención outorgada polo Concello de Xove para” . Unha vez estampillada a factura, efectuarase copia cotexada da mesma aos efectos da devolución do documento orixinal ao beneficiario.

Con carácter excepcional aceptarase a xustificación do pagamento mediante “recibín” do proveedor para gastos de escasa contía por importes inferiores a 50 euros.

Caso de que unha parte da documentación presentada para a xustificación da subvención consista na concesión de premios, ésta deberá ir asinada polo perceptor do premio mailo representante legal da entidade beneficiaria da axuda.

De acordo co artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, considerarase como gasto realizado aquel gasto do que se teña constancia documental sen necesidade de que figure efectivamente pagado no momento da xustificación da subvención. Non obstante, todo beneficiario dunha subvención nominativa do Concello deberá presentar os documentos acreditativos do pagamento dos gastos presentados como xustificante antes do 20 de decembro do ano correspondente. Entenderase por documento acreditativo de pagamento, extracto ou certificación bancaria de transferencia, salvo que se trate de pagos inferiores a 100 euros no que se admitirá a expresión “pagado” estampillada na factura polo establecemento comercial correspondente. A estes efectos, en ningún caso poderá obter a condición de beneficiario dunha nova subvención municipal aquela asociación que non tivera presentado os xustificantes de pago correspondentes.

- Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, axuda concedida do Concello, outras axudas, etc.)

No seu caso, un exemplar da documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

- Certificados acreditativos de non ser debedor á Facenda Estatal, Autonómica, Seguridade Social nin ao Concello de Xove. Non obstante, no momento da solicitude da subvención, o petionario deberá indicar se autoriza ou non ao Concello de Xove para a obtención de oficio destes certificados.
- Consonte ó artigo 24 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, para axudas de importe inferior a 3.000,00 € non se esixirán estas certificacións, que serán substituídas por unha nova declaración de non ter débedas pendentes con aqueles organismos.
- Declaración xurada de outras axudas solicitadas ou concedidas por outras administracións ou entes públicos ou privados para o mesmo fin.
- Certificación acreditativa do cumprimento dos requisitos e condicións da subvención así como da realización da actividade ou proxecto subvencionable e o cumprimento da finalidade para a que aquela foi concedida. (Modelo que se facilitarán ao efecto).
- Certificación acreditativa de que o importe do IVE dos gastos en que se incurriu non resulta recuperable por ningún concepto de acordo coa lexislación vixente (modelo que se facilitará ao efecto).

A xustificación das subvencións deberá realizarse antes do 20 de decembro do ano correspondente.

Toda a documentación presentada deberá vir asinada polo representante legal da entidade ou asociación.

D.11) APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO ACORDO REGULADOR DO PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES FORMATIVAS DE OCIO E TEMPO LIBRE.

Por Secretaría dáse conta da proposta de Alcaldía que se transcribe de seguido:

D. José Demetrio Salgueiro Rapa, Alcalde-Presidente do Concello de Xove, no uso das facultades que me son conferidas polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, visto o expediente tramitado para a modificación do Acordo regulador do Prezo público pola realización de obradoiros de corta e longa duración; formando parte do mesmo a Memoria económico-financeira redactada pola Interventora Municipal; e previo informe emitido pola mesma funcionaria, PROPÓN Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL por delegación do Concello Pleno, a modificación de dito acordo, que quedará redactado como segue:

1.- Modificación dos artigos 4º e 5º do Acordo Regulador, quedando redactado como segue:

Artigo 4º.- A contía do prezo público regulado no presente Acordo, ven determinado en función das actividades que a continuación se relacionan:

<i>Actividade</i>	<i>Prezo/mes/actividade* sen IVE</i>	<i>IVE</i>	<i>Prezo total/mes</i>
<i>1.-Ximnasia de mantemento, pilates e aerobic ou outras similares</i>	<i>10,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>10,00 € cada actividade</i>
<i>2.-Ioga</i>	<i>15,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>15,00 €</i>
<i>3.-Actividades do Programa Xove Concilia</i>	<i>20,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>20,00 €</i>
<i>4.-Kartódromo de Tapia de Casariego</i>	<i>5,00 €</i>	<i>- €</i>	<i>5,00 €</i>
<i>5.-Bailes de salón</i>	<i>12,40 €</i>	<i>21% (2,60 €)</i>	<i>15,00 €</i>
<i>6.-Bordado á man</i>	<i>8,26 €</i>	<i>21% (1,74 €)</i>	<i>10,00 €</i>
<i>7.-Encaixe de bolillos</i>	<i>8,26 €</i>	<i>21% (1,74 €)</i>	<i>10,00 €</i>

Os prezos sen IVE poderán variar se como consecuencia dun cambio da normativa do Imposto, variase o tipo de IVE, de tal xeito que o prezo total/mes a aboar polos usuarios se manteña inalterable.

Os prezos serán por mes, agás no caso da asistencia ao kartódromo de Tapia que será por actividade.

O importe dos prezos así establecidos terá carácter irreducible, salvo nos meses de comenzo e fin das actividades de xeito que o prezo quedará reducido á metade sempre que a actividade se preste por un período inferior a quince días.

Do mesmo xeito, para que a renuncia á realización da actividade dea lugar á anulación da exacción, aquela deberá efectuarse con carácter previo ao comenzo da actividade.

Non procederá a exacción do prezo cando a actividade non se realice, o que sucederá se non se acadada un mínimo de 10 usuarios por actividade.

Artículo 5º.- Para os casos 1, 2, 5, 6 e 7 do articulo anterior, as persoas solicitantes que teñan a condición de minusválido debidamente acreditada ous os xoves que estean en posesión do Carné Xove ou Carné Máis, terán unha redución do 20% do prezo total mensual.

Para o caso 3 do artigo anterior, as persoas solicitantes desfrutarán de unha redución do 50% da tarifa no caso do segundo e sucesivos nenos matriculados na actividade Xove Concilia.

Visto informe de Intervención Municipal obrante no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade en votación ordinaria acorda:

1º) A aprobación da modificación do prezo público pola Realización de Actividades Formativas de ocio e tempo libre.

2º) A remisión ó Boletín Oficial da Provincia do acordo regulador para a súa publicación.

Sen máis asuntos que tratar, sendo as once horas e trinta minutos, polo Sr. Alcalde-Presidente, remátase a sesión, extendéndose a acta presente, de todo o que, como Secretario, dou fé.

Vº e PR

O ALCALDE,

Asdo: José Demetrio Salgueiro Rapa

O SECRETARIO ACCTAL,

Asdo. Pablo Sánchez Lage

